

## **AER LEVA OA PLENO MUNICIPAL UNHA BATERÍA DE PROPOSTAS PRÁCTICAS PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS**



A Agrupación de Electores de Redondela (AER) leva unha batería de propostas ao vindeiro pleno para o seu debate, relacionadas coa prevención e defensa ante incendios forestais. Estas propostas xa foran presentadas no pasado consello forestal do mes de novembro de 2017 para a súa toma en consideración, pero dende aquela non se tiveran novas ao respecto por parte do goberno local.

A principal proposta pasa pola **redacción do “Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais”**, sendo obrigatorio por lei contar con tal documento e coas necesarias e sucesivas revisións. Como complemento necesario propónse a elaboración detallada dun **“Inventario e estudo de infraestruturas forestais”**. Os obxectivos deste inventario e plan pasarían por:

- Delimitar a rede de defensa contra incendios do termo municipal.
- Inventariar e catalogar as infraestruturas de uso forestal existente no termo municipal.
- Identificar as referencias catastrais afectadas pola rede secundaria de faixas de xestión de biomasa e caracterizalas.
- Inventariar e catalogar os medios dispoñibles no termo municipal para a prevención e defensa contra os incendios forestais.
- Diagnosticar a situación actual do termo municipal en canto á prevención e defensa contra os incendios forestais (análise de riscos, zonificación, ...).
- Establecer propostas de actuación para a prevención contra os incendios forestais.
- Recoller a regulación de aproveitamentos e usos que poidan dar lugar a incendios forestais.
- Realizar unha análise económica das actuacións recollidas no plan.

Outras medidas postas enriba da mesa pasarían por mellorar as condicións, medios e coñecemento no que se refire á problemática dos incendios forestais de cara a estar ben preparados como concello de cara a cando se volva dar un novo episodio. Así pois AER fai as seguintes propostas para o seu debate en pleno:

1. **Mellora das dotacións do servizo de emerxencias para a extinción de incendios.**
2. **Dotación de batelumes e mochilas de auga ás comunidades de montes.**

3. **Creación de rede de hidrantes** en puntos claves das parroquias de cara a que os servizos de extinción teñan en condicións de extrema urxencia puntos de carga rápidos e cómodos. .
4. **Apoio á creación de franxas verdes nos montes.**
5. **Educación ambiental/forestal** mediante a realización de xeito periódico de accións formativas nas diferentes parroquias sobre temática relacionada co eido forestal e a defensa e prevención de incendios forestais:
  - Medidas de autodefensa e prevención de incendios forestais de zonas habitadas.
  - Planificación e ordenación forestal de cara a minimizar o risco de incendio forestal.
  - Certificación forestal como medio de posta en valor da xestión do monte.
  - Usos alternativos do monte de cara á multifuncionalidade.

Redondela, 1 de xuño de 2018